

Celga



Certificado
Lingua
Galega

4

PROBA B (ORAL)

Caderno do persoal examinador



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

Secretaría Xeral de Política Lingüística

C4-B-I-21

PARTE 1 (Texto escrito)

A continuación, lea vostede este artigo sobre os sistemas educativos de Singapur, Finlandia e Suíza. Tome as notas que precise.

Na entrevista oral terá que:

- Resumir o texto.
- Realizar unha exposición.
- Conversar sobre o tema.

Os sistemas educativos de Singapur, Finlandia e Suíza

Segundo o último Informe de Competitividade Global elaborado polo Foro Económico Mundial, Singapur é o país no que se imparte a mellor educación superior do mundo. Finlandia lidera a clasificación en educación primaria e o sistema educativo de Suíza é o de maior calidade. Os tres países adoitan estar moi ben situados nas clasificacións de educación de todo o mundo. Que é o que fai que os seus sistemas educativos sexan tan bos?



En **Singapur**, a educación constitúe un pilar fundamental no desenvolvemento do país, imprescindible para a súa mellora económica e social. Filosofía que sosteñen e na que está involucrada toda a sociedade, desde as familias e o profesorado ata as institucións educativas e o Goberno.

O seu sistema educativo, moi esixente e competitivo, busca a máxima cualificación dos seus alumnos para que nun futuro sexan traballadores preparados e se convertan na principal forza económica do país. Organiza o alumnado segundo o seu desempeño académico e promove aqueles alumnos e alumnas que logran mellores resultados. Son habituais as clasificacións e estas teñen como obxectivo informar os estudantes da súa posición para que poidan mellorar e tamén facer presión sobre aqueles que se sitúan nos peores postos. E a isto únese a presión da propia sociedade e da familia, que esixe os mellores resultados para os seus fillos e fillas.

Apostan por unha aprendizaxe integral, flexible e diversa, de xeito que o estudantes se impliquen no seu proceso educativo, que descubran os seus talentos e que desenvolvan as súas habilidades ao máximo.

As escolas teñen moita independencia e, malia que o currículo é común, o Goberno descentralizou a educación para lles dar máis autonomía aos centros educativos. Existe un modelo de excelencia escolar no que cada centro establece as súas metas e obxectivos e avalía os seus avances anualmente.

En canto ao profesorado, é moi valorado e está moi preparado e a docencia é unha profesión con gran prestixio social, aínda que tamén se lle esixe moito. Os profesores e profesoras están sometidos a un proceso de avaliación anual —o Sistema de Xestión de Rendemento Mellorado— que trata de sacar o máximo partido das súas capacidades e aspiracións. Este proceso sinala obxectivos, mide o rendemento do profesorado segundo as competencias establecidas e, en función dos resultados, incentívase económica e profesionalmente.

O segredo de **Finlandia** probablemente sexa a calidade dos recursos que se dedican á educación, malia que non é o país que máis inviste en educación, nin o que impón máis horas de clase nas escolas. Algunhas das peculiaridades que determinan os bos resultados do sistema educativo finlandés en educación primaria son as seguintes: a profesión de mestre é unha das máis valoradas e respectadas na sociedade e, de feito, o profesorado está moi ben formado; o ensino obrigatorio é completamente gratuíto (o que inclúe comedor, material e mesmo transporte); os nenos empezan a escola aos 7 anos (cando se considera que teñen a madurez intelectual suficiente como para aproveitar a aprendizaxe que reciben) e durante os dous primeiros anos de colexio só teñen 4 ou 5 horas de clase.

En canto á xornada lectiva, axústase á idade e ao tempo que se entende que é capaz de manterse concentrado o neno. Os deberes son mínimos ou practicamente inexistentes e o traballo lectivo faise dentro da aula. Fóra dela realízanse outras actividades igualmente importantes, dado que a imaxinación e a experimentación valóranse igual, ou mesmo máis, que a capacidade de memorizar. Tamén hai que salientar o valor que lle dá o sistema educativo finlandés ao tempo de lecer, ao descanso e ás actividades ao aire libre, que considera tan necesario coma a educación formal. Todo lle axuda ao neno a desenvolver distintas competencias e todas elas son igual de necesarias para a vida adulta.

En **Suíza**, a educación pública é gratuíta e excelente. Desde a educación obrigatoria, que dura 11 anos, ata a formación profesional e a universidade, a educación é responsabilidade do Goberno. O seu sistema educativo é descentralizado, xa que a responsabilidade da educación recae nos 26 cantóns suízos, que son os encargados de deseñar e executar os servizos educativos, polo que os contidos poden variar dunha rexión a outra.

A clave do éxito do sistema educativo suízo é que destina unha parte importante do seu orzamento estatal á educación como investimento de futuro. O investimento é unha peza clave para atraer talento e xerar prosperidade. Pero esta non é a única razón do éxito, tamén contribúe o feito de que Suíza conte cun sistema de formación dual —formación teórica e práctica— moi competitivo e que o acceso ás universidades sexa restrinxido, o que permite manter un moi alto nivel de formación. E, en canto ao alumnado que non vai á universidade, fai unha aprendizaxe de mínimo tres anos en empresas do sector e aos 19 anos obtén un título que lle permite integrarse no mercado laboral.

É dicir, o sistema escolar ten en conta as necesidades da economía e da sociedade e forma os seus cidadáns e cidadás naqueles sectores onde haxa demanda. E para

quen optase por non ir á universidade dáselle a posibilidade de seguir formándose, de acceder a escolas superiores e de obter máis adiante títulos de formación superior, o que motiva e mellora as perspectivas da cidadanía. Neste sentido, o sistema de formación é permeable, xa que lles permite o acceso a unha formación superior a esas persoas que nun primeiro momento non quixeron ou non puideron ir á universidade, pero que logo demostraron ter interese por seguir formándose no eido universitario.

Texto adaptado e traducido da web *BBVA.com*

PARTE 2

1. BENVIDA E PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL	1-2 minutos aprox.
Orientacións para a persoa avaliadora: esta parte NON é un interrogatorio e as preguntas NON se avalían. Trátase de que a persoa candidata se sinta a gusto e de que se tranquilice, polo que cómpre evitar as preguntas que a poidan incomodar ou as que resulten molestas.	
■ Como se chama? ■ A que se dedica? ■ De onde é? Fale un pouco sobre a súa cidade/vila/aldea... ■ Canto tempo leva estudando galego? Por que o estuda? ■ Que lle gusta facer no tempo libre? Que afeccións ten? (Se procede) ■ Que lle gusta máis da cultura galega? ■ Que diferenzas atopa entre a cultura galega e a súa?	
2. RESUMO	3 minutos aprox.
Orientacións para a persoa avaliadora: a persoa candidata ten que realizar un resumo do artigo. Nesta fase preténdese comprobar que a persoa candidata entendeu o contido do texto. NON é unha proba de memoria e, polo tanto, non é relevante que non lembre detalles concretos. En caso de que quede en branco, ou de que o seu resumo resulte excesivamente breve, pódese axudar formulando algunha(s) das seguintes preguntas:	
Faga un resumo do contido do artigo. ■ Que pode dicir do sistema educativo en Singapur? ■ E do de Filandia? ■ E do de Suíza?	
3. EXPOSICIÓN	3-4 minutos aprox.
Orientacións para a persoa avaliadora: a persoa entrevistadora escollerá unha das alternativas das que se propoñen e, a partir dela, diralle á persoa candidata que faga unha exposición de 2-3 minutos, na cal defenda o seu punto de vista ou argumente sobre ese tema. Daráselle 1 minuto para pensar ou organizar o seu discurso e indicaráselle o seu tempo aproximado de duración. É moi importante que se realice esta parte para que a persoa candidata poida ser debidamente avaliada. Se a persoa candidata tarda en iniciar a súa exposición, poderáselle axudar con preguntas do tipo: Que opina vostede sobre isto? Está de acordo? Parécelle necesario? Quere engadir algo máis? Se non a realiza, haberá que respectar un pouco o seu silencio para deixar en evidencia que non está cumprindo esta parte da tarefa, pero EN NINGÚN CASO se pasará inmediatamente ás preguntas de interacción da seguinte parte.	

Realice unha exposición acerca dos seguintes enunciados:

- A.** Hai sistemas educativos moi esixentes e competitivos que só favorecen o mellor alumnado.
- B.** Nas idades temperás da aprendizaxe, a educación é importante, pero tamén o son o tempo de lecer, o descanso e as actividades ao aire libre.
- C.** A educación constitúe un pilar fundamental no desenvolvemento dun país, imprescindible para a súa mellora económica e social.
- D.** A docencia debería ser unha profesión valorada e respectada.

4. INTERACCIÓN

4 minutos aprox.

Orientacións para a persoa avaliadora: logo da exposición, establecerase un diálogo coa persoa candidata. A opción de preguntas que se lle dará á persoa candidata (A, B, C...) debe coincidir coa opción do enunciado do ítem anterior. Agora ben, estas preguntas NON consisten nun interrogatorio; son só suxestións e DEBEN ADECUARSE, na medida do posible, ao discurso da persoa candidata. Ademais, é moi importante que se force a CONTRAARGUMENTACIÓN para poder avaliar a súa capacidade argumentativa.

OPCIÓN A

Hai sistemas educativos moi esixentes e competitivos que só favorecen o mellor alumnado

- Que opinión lle merece un sistema educativo deste tipo?
 - Non lle parece que esta maneira de concibir un sistema educativo pode converterse nun motivo de estrés para o alumnado?
 - Cre que esta é unha boa maneira de incentivar e motivar as alumnas e alumnos menos avantaxados?
 - Pensa que se debe restrinxir o acceso á universidade só ao alumnado con mellores expedientes académicos? Por que?
 - Parécelle positivo que se fomenta a competitividade? Cre que esta é a maneira adecuada? Por que?
 - Que importancia lle dá vostede ao esforzo e á disciplina no proceso de aprendizaxe?
 - Cre que un sistema esixente destas características garante unha sociedade mellor, máis competitiva e forte económica e socialmente? Por que?
- (Se procede)
- Existen diferenzas neste aspecto entre Galicia e o seu lugar de orixe?

OPCIÓN B

Nas idades temperás da aprendizaxe, a educación é importante, pero tamén o son o tempo de lecer, o descanso e as actividades ao aire libre

- Cal cre que é a idade máis axeitada para escolarizar os nenos e nenas? Por que?
- Considera que se lle debe dar a mesma importancia ao lecer e ao tempo lectivo?
- Cre que o neno, ao ter tanto tempo libre, pode perder o sentido do esforzo e da disciplina? Por que?
- É partidario de que os nenos e nenas leven deberes para a casa? Por que?
- Parécelle conveniente que haxa exames? Por que?
- Que importancia lle dá vostede ao esforzo e á disciplina no proceso de aprendizaxe?
- Cre que un sistema destas características garante unha sociedade mellor, menos competitiva e máis feliz? Por que?

(Se procede)

- Existen diferenzas neste aspecto entre Galicia e o seu lugar de orixe?

OPCIÓN C

A educación constitúe un pilar fundamental no desenvolvemento dun país, imprescindible para a súa mellora económica e social

- Cre vostede que o noso sistema educativo se axusta ás necesidades da sociedade? Por que?
- Parécelle que a xente máis nova, e a sociedade en xeral, é consciente da importancia da educación?
- Considera que os estudantes están motivados e teñen ilusión por aprender? Teñen hábito de estudo?
- Que papel representa a tecnoloxía na educación? É algo positivo ou negativo?
- Cal é, ou debería ser, o papel das familias na educación?
- E cal debería ser o papel dos docentes? E o das autoridades educativas?
- Na súa opinión, hai aspectos que deberíamos adoptar doutros sistemas educativos? Cales? Por que?

(Se procede)

- Existen diferenzas neste aspecto entre Galicia e o seu lugar de orixe?

OPCIÓN D

A docencia debería ser unha profesión valorada e respectada

- Parécelle que se valora como merece a figura do persoal docente? Por que?
- Considera que se debería investir máis na súa formación e que, paralelamente, se lle debería tamén esixir máis?
- Parécelle que é conveniente avaliar periodicamente o traballo dos docentes?
- Cre que se se confiase máis no docente e nas súas competencias isto repercutiría na calidade do noso sistema educativo?
- Opina que a selección dos docentes se debe basear nos seus coñecementos teóricos ou nas súas habilidades pedagóxicas? Por que?
- Considera que a profesión de docente debería ser vocacional ou non é necesario que sexa así? Por que?
- Cales cre que deberían ser as calidades dun bo docente?
(Se procede)
- Existen diferenzas neste aspecto entre Galicia e o seu lugar de orixe?